

# TAREFAS/XOGOS PARA O ALUMNADO DE 4º CURSO DE PRIMARIA

Estimados pais e nais:

Ante a situación especial que nos embarga a todos nestes días, as titoras dos cursos 4º A e 4º B queren propoñer unha serie de actividades escolares e lúdicas para o reforzo dos contidos curriculares explicados ata o momento.

1.- Todos os alumnos son coñecedores das actividades escritas propostas mediante fichas, coas indicacións das respectivas titoras. Así mesmo, o repaso nos libros de texto.

2.- Dada a importancia que ten o xogo na aprendizaxe dos nenos e nenas destas idades, propoñemos unha serie de páxinas nas que pódese atopar material interactivo e doutro tipo.

**Jueduland**: Grande cantidade de recursos interactivos clasificados por bloques de contidos, cursos, áreas...

**CEIP Loreto**: Recursos interactivos distribuídos por cursos, áreas, libros e editoriais.

**ThatQuiz**: Posúe unha colección de actividades de diferentes áreas que se poden personalizar.

**Editorial Santillana miles de libros y ejercicios gratis en su app**

**MARS**

**Aulas Galegas.org**

**Aulas galegas** é un portal educativo realizado por un colectivo de profesoras e profesores sen ánimo de lucro que, ante a situación de illamento provocada polo coronavirus Covid-19 quere ofrecerlle unha axuda educativa á sociedade.

**Aulas galegas** nace para axudar o alumnado, as familias e o resto de profesorado a atopar recursos e materiais educativos en galego.

Outras páxinas de interese:

- **Happy Learning Español**: Canle de vídeos didácticos de diferentes áreas.
- **La Eduteka**: Canle de vídeos didácticos de diferentes áreas

3.- Por último, e pensando en que estes días serán para vivir tamén experiencias diferentes en familia, consideramos que sería moi interesante elaborar un pequeno “Diario dunha Cuarentena” (o título é orientativo). Con todos, elaborariamos a final de curso un pequeno libro para o recordo.

Moito ánimo para todos e moitas grazas pola vosa colaboración.

**Un saúdo afectuoso e virtual das titoras**

***Mar Nóvoa e Geni Álvarez***